

10 de Setembro, '57

Meu benquerido Piñeiro:

São duas lições apressadamente escritas para agradecer a sua gentil carta, os relatórios - d'ouros de interesse - da Galaxia e as referências, tan lisonxeiras como merecidas que fai à miña humilde persona. O seu agradábel mensaxe foime entregue por González-López - que o recebeu de Veciño - no mesmo día da miña partida para Lisboa. Estou eiqui con o encargo do III Colóquio de Estudos Luso-Portugaleses, a convite da "Comissão Organizadora". (Vexo no programa que o Bourca-Brey tambeén fai parte desta xuntanza, o que me dará a agradábel oportunidade de o encontrar).

Quero manifestarlle unha especial gratitude polos dous traballos seus - um dos quaes xa coñecía - que tene a amabilidade de me enviar. ~~Se~~
O que coñezo e marxista e na-

o grande, o grande,
se para na altura
do tempo, do tempo.

turalmente, citei um artigo
Sobre "Saudade" no Dicionário do
Prado Coelho. Com o outro espero
repantarme e gutosamente quando
voltar ao lar neioquinio

~~Pelo de agora~~ Também lhe rogo que
faça chegar o meu agradecimento a
_____. Por me ter remittido o _____
com o ~~grato~~ pal. ~~faça~~ conta asimes
mo refatela-me no meu retorno
E os meus saudos cordiais a todos
os asinantes do volume, tanto
os do sexo forte como os do sexo
fráxil.

De N. York escrevir-lle hei
em mais vagar. Aigui estoni
sem tempo nem prouso, com o ~~de~~
vlogio e a hospitaleiro a collimen-
tos dos irmãos portugueses.

Do libro "Luz de Além-Mar"
muito grato falaremos mais demoradamente
Aceito a sua gentil suggerencia
* Galaxia e a ecliptical mil
y para um para unha obra desa
natureza. Mas ainda precisa

a estrutura de "duoi" ser perfilada
tem prouso e 150, visto o caso
temos que os meus aficose, me deixam
pore e ensaio. Serava ate a Primavera
mais sim.

NEW YORK UNIVERSITY

WASHINGTON SQUARE COLLEGE OF ARTS AND SCIENCE

WASHINGTON SQUARE, NEW YORK 3, N.Y.

DEPARTMENT OF SPANISH AND PORTUGUESE

20 de Outubro de 1957

TELEPHONE: SPRING 7 2000

Snr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu benquerido amigo:

Recibín a súa carta de 18 que moito lle agradeceín. Eu tiña de lle ter escrito fai tempos. - mais, infelizmente, o torvelizo da vida de N.Y. forzou-me a ir adiando, adiando, ata que hoxe, decidín que non demoraba mais.

Eu también sentín moito non ter habido ensexo de me xuntar en Lisboa con o noso dileito Machado. Nas súas cartas, porén, ele me foi contando algunha cousa. Está entusiasmado con o espírito de vitalidade que, segundo a súa impresión, a mocidade galega amosa nestes momentos, en relación con o futuro na nosa cultura. E, naturalmente, Galaxia é sempre o centro das súas referencias. Espero que Vde. en carta sucesivas vaia completando as impresións que ele me deu. Os dous informes mecanografiados que Vde. tivo a amabilidade de me enviar indican que os planos de Galwis van moi alén dos emprendimentos editoriais. Nós eiquí, despois da volta de Veciño, que también chegou estourante de entusiasmo galeguista, estamos organizando a axuda a Galaxia. A Casa de Galiza vai ter en data próxima unha xuntanza pra constituir o Grupo de Amigos de Galaxia e achegar fondos, para establecer formas regulares de apoio. Consoante a cousa vaia tomando andamento, tanto eu como o Emilio González Lopez, iremos comunicando-lle o que acontecer. Os galegos de Nova-Iorque son principalmente operarios, isto é, xente de recursos limitados, mais o fervor galego non lles carece, e farán todo aquilo que estexa dentro das súas posibilidades para tornar realidade os proxectos que aí vostedes ten.

Sobre a miña colaboración na publicación de un volume-homenaxe

so Mestre Otero Pedrayo na data da súa xubilación, a idea non podería ser mais do meu gosto do que é, e sinto-me profundamente honrado polo convite. A dificultade está que deica o fin do ano os meus afaceres son esmagadores, e han-me de deixar poucos vagres para unha cousa como esa na que eu quereria pór o millor que eu poder dar de min. Fora das tarefas académicas - que son as aulas e administración do Departamento de Español e Portugués, do que, polos meus pecados, sou director - teño aínda un programa semanal de radio, para a España, na Voz da América. -(Non sei se coñece: é o que aí se transmite baixo o título "Aquí, Washington" só os auspicios da Embaixada Americana, pola Radio-Nacional de Madrid.) Bon. Aínda aíén, neste momento, estou findando a segunda parte e corrixiendo as provas da primeira, da miña Bibliografía metódico-crítica de Eça de Q. que está nos prelos da Universidade de Coimbra, para ser publicada nos "Acta" da dita institución na primavera. Ao mesmo tempo estou preparando o segundo volume do meu estudo estilístico do grande romancista. Iso quer dir que non sei se debo comprometer-me, para talvez depois non poder facer bo o compromiso. (Haqueseñ dir-lle que ^{Artístico} aínda estou embreñado nos artigos do Dicionário das Lít. Portuguesa, Galega e Brasileira, pois o meu moit caro Xacinto do Prado Coelho, cando foi da miña estada en Lisboa, decidiu incumbir-me de seis artigos adicionais, e me implorou de xionllos que non me recusase, e eu aceitei fraternamente - mesmo sabendo o que me botaba nas costas. Por iso, ben que o meu desexo sexa aparecer nese homenaxe a persoas que eu tanto estimo e admiro, e que por tantas razóns o merece, non podó mais que prometer que farei canto estexa no meu poder para lle manda algunha cousa deica o fin do ano, sen lle asegurar dun xeito rotundo que sexa capaz de o facer. Se non poder, teña a seguranza que eu serei o primeiro en o sentir, fondamente. Particularmente depois da xentileza que o mestre me mostrou ocupando-se, segundo Vde. me indica, do meu humilde libro nun xornal de Ourenas. Por certo, que lle quería pedir o asinalado

favor de me conseguir un exemplar da Región, onde saíu a dita resaña. Se iso non implicara para Vde. un incómodo oiscesivo.

Esperaba ter a ledicia de encontrar en Lisboa, con o coñecito do Colóquio, o noso Pouza Frey. Desafortunadamente ele non apareceu, apesar de a súa vincha ter sido anunciada no Programa, e o seu traballo enunciado no mesmo. Sentín moito non ter tido o prazér de vérmonos e falarmos. Faga o favor de llo comunicar. Por certo, sabe se elé recibiu un poema que lle mandei por conduto do Mestre Ctero?

Quería tamén rogar-lle que tivese a bondade de apresentar no meu nome os meus afervoados agradecimentos ao Franco Grande, polo envío e a dedicatoria do seu fermoso libro - así ben como a todos os demais asinantes do exemplar e respectivas esposas, para todos os que mando aquí unha forte aperta de garimosa galeguidade.

Agradezo-lle moito as súas delicadas ~~verbax~~ ^{palabras} sobre o asunto da publicación na Galaxia do meu libro de poemas. Conto té-lo pronto para Maio ou Xuño, data esa en que terei máis prazér en llo enviar - se nesa altura ^{poder} ~~o~~ considerar oportuno, dentro dos seus plans editoriais. Teré un total duns trinta ou trinta e tantos poemas escollidos.

Espero poder ver a D. Américo polo Nadal, e daquela preguntarei-lle sobre as súas impresións da nosa Terra - que sen dúbida non de ser interesantes. Eu non sabía que ele non a coñecía. É estraño, non?

Bon, poño punto final a este infindébel testamento. A espéra das súas agradábeis novas reciba a seguranza da miña incondicional amizade e con ela unha aperta moi forte e moi amiga do

Ernesto Guerra da Cal

NEW YORK UNIVERSITY
GRADUATE SCHOOL OF ARTS AND SCIENCE
WASHINGTON SQUARE, NEW YORK 3, N.Y.

TELEPHONE: STUNG 7-2000

Meu caro Piñeiro:

Escrebo-lhe apressadamente estas quatro liñas para lle asegurar que o artigo para a honraxe ao Mestre Otero Pedrayo leva andamento. Xá está quase findo. So fallan uns pequenos toques, e mecanografar. Conto que o ha de ter nas suas maos deica cinco días, ao mais. Non é cousa de moito préstimo: feita à carreira, escribiñando uns apontamentos superficiais sobre dñhas impresións encol do tema do mar nos poetas do noso "Cancioneiro" medieval. Aínda así, Vde. non sabe como andei para poderlo esgaratufar! Bon, o importante era satisfazer os seus desexos, que tanto me honran, de que eu estivese presente nesa honraxe, e ter eu o gosto de manifestar dalgun xeito, pobre que ele sexa, a miña admirazón e o meu repelto polo personalidade, a vida e a obra de D. Ramón.

Moito lle agradezo as verbas amábelas que dedica aos meus poemas. Se Deus quixer, ou o Diabo,, conto poder pór o tal volume ao seu dispór para a publicación para a primavera. Estimei moito que a súa opinión - que eu tanto prezo - fose tan sinceramente favorábel a esas amostras que lle enviei.

Na miña próxima falaremos mais alongadamente de outros temas relacionados con os nosos intereses, encol dos que quero tocar impresións. Polo de agora só unha aperta forte e amiga do seu.

Ernesto J. Da Cal

NEW YORK UNIVERSITY
GRADUATE SCHOOL OF ARTS AND SCIENCE
WASHINGTON SQUARE, NEW YORK 3, N.Y.

TELEPHONE: GRAM 7-2000

14 de Janeiro de 1958

Meu benquerido Piñeiro:

Recebi a sua carta de 10 deste mes - e teño que confesar-lle que fiquei envergoñado de non lle ter dado resposta inmediata. A razón e a desculpa é que eu pensaba e ter sorprendido enviando-lle a colaboración que me pediu para o volume-homaxe do Mestre Otero Pedraio. Infelizmente as cousas non se arraxaron de xeito que os meus planos chegasen a ter realidade. Os meus moitos afazeres impediran-me stopar un vagariño para escribiñar calquer cousa que, inde que non fose de moito préstimo, puñese polo menos establecer a miña presenza nun sitio, como ese homaxe é, ao cal terfo a mais fonda satisfazón en contribuir - por tratar-se de persoa por quen teño unha admirazón profunda.

Non ten que me pedir desculpas pola insistencia - xá que con ela me honra. Agora o que quero que me diga é ata que data podería esperar, sen que a espera lle produza un excesivo desarranxo nos seus planos de publicación do libro. Ser-lle-ia factíbel adiar a cousa ata mediados do mes de Fevereiro? Eu farei todo canto estiver de miña parte para lle remeter antes dese prazo. Se iso for unha protección que perxudicase demais os seus proietos faga o favor de me dir o prazo máximo de sua espera. Ninguén pode ter mais desexos que eu de que a miña colaboración faga parte de homaxe - mas o meu querido Piñeiro non poder fazer ideia do que é a nosa vida aquí, onde o tempo e-o espazo son as cousas que non se encontran nunca. A miña vida en particular é un redemoño dóido, por tratar de fazer sempre mais do que sou capaz, física e mentalmente. O resultado diso é máu. Deixo a xente descontente e eu fico con remorsos de non ter feito o que planeei e prometin.

A vontade non me falla - e moito menos neste caso. O grave é que o día ten un número limitado de horas, e non se pode ir alén delas. En fin, como digo, eu farei o que poder, mas gustaría de saber a marxe de tempo con que pode contar.

Supoño que xá sabe que na Casa de Galicia de aquí celebramos un aito pro arrecadar fondos con destino a Galicia; fondos íses que, segundo entendo, xá llos foron enviados. Agora temos o proxecto de organizar un grupo galeguista, dentro do Centro galego - que terá entre os seus fins - como alvo principalísimo - apoiar a labourea cultural da Galicia. Alén do Emilio G.L. e do que suscrebe, farán parte deste grupo Mosteiro, Veciño e outros máis, dos "bós e xenerosos" da colonia galega de N.Y.

Cá xunto lle envío copia de varios poemas da miña Lúa de Alén-Mar, que Vde. con tan generosa fé aceptou pra a Galicia, na base sómente de tres leves amostras. Tamén lle mando un índice tentativo do poemario, pra que teña ũa idea do contido e da estrutura do libro. Conto que sexa prefaciado polo Jacinto do Prado Coelho, quen o meu Piñeiro sen dúbida coñece ben. Como verá eu emprego as grafías antigas galegas nh, lh e ç - e propugno a súa aceptación. Primeiro, por ter máis base na llingua do que as modernas (perfiladas no século XIX por influencia do castelán), e sobretudo por seren estas que o portugués emprega. Eu sou da idea de que o futuro cultural da Galiza reside no restabelecimento dos vencellos que nos ligan à terra irmá. O escritor galego ten que procurar a atención do público leitor e da crítica portuguesas. Culturalmente, pra nós, Lisboa debería ser moito máis importante do que Madrid. Un dos camiños desta aproximación é facer o galego "flexible" para os portugueses, na medida do posíbel, sen destorcel-o nen deturpar-lle o carácter. No emprego das grafías, que foron galegas non hai infi-

delidade ningúna á nosa variedade lingüística, pois representan os mesmos fonemas nas dúas bandás do Miño. (De feito xá Kurguía aconsellaba a súa aceptación no galego moderno). O mesmo cabería dir sobre a risco de separazón dos pronomes cuxativos. O galego nen ten razóns de validade, nen gaña ren, en seguir ao castelán, e o pazo que hai razóns e ventaxas innumerábeis en nos aproximarmos o mais posible á língoa irmá. Há certas grafías galegas que non têm base científica ningúna e que desnortean por completo o leitor portugués - por exemplo o emprego do nh pra indicar o son nasal do u (i.e. unhs, algunha) que os laos coidan ser a unha dos deos. Cando o J. de Prad o Coelho no Dicionário das tres literaturas ten que citar esas verbas en textos galegos ve-se obrigado a grafar ña, á antiga portuguesa - o que seria ùna grafía mais léxica, sen dúbida, do que a nosa vivente. Iste mozo asunto da ortografía galega é cousa que non se debia adiar mais. Nósáica Academia debería tomar a iniciativa e convocar un congreso de sociedades culturais galegas visando a ese alvo. Mas talvez iste non sexa aínda o melhor intre, o conveña esperar. No entanto eu coido ser bon ir propugnando a unificación gráfica con o portugués; naqueles puntos nos quos non há diferenza fonológica. Espero que a Galaxia non teña inconveniente en publicar os meus poemas nesa grafía. Se o tiver, diga, francamente!

Don, meu caro Piñeiro, fico aquí, pois esta epístola xé vai longa demais. Compensazón da miña aparente necesidade epistolar!

Escreba, escreba, que as suas cartas para mim son ùna grande satisfacción, pois serven pra fazer mais sólida esta amizade nosa tan agradábelmente comezada a través do mar e da lontanía que nos separa físicamente, que non espiritualmente.

Ùna aperta moi forte e moi amiga do seu

Emílio Da Cal

LUA DE ALÉM-MAR
Ernesto Guerra Da Cal

I N D I C E
#####

Prefacio.

TRIPTICO

- I. Triadas a Paio Gomes Charinho
- II. Cantiga a Luis de Camões
- III. Ladainha a Rosalia de Castro

PIEZA DA SAUDADE

- I. Primeira Comunión
- II. A Vila Verdemar
- III. Morrinhos de rio e lua
- IV. Rosário.
- V. Viaxe arredor de min
- VI. Saudade mareira

CANÇONETAS DO AMOR, EN CLAVE DE LUA

- I. Traxedia con tres personaxes - para ornitólogos sentimentais.
- II. Escarnio do namoro de lua - para astrónomos románticos.
- III. Alelé do Mar, cantado polo vento.
- IV. Adivinha
- V. Escolha
- VI. Cantar

DESENHOS A TCA

- I. Sagrada Familia marinheira
- II. Dibujo para un vestalhe xaponés
- III. Alegoría da morte do Rei Sábio
- V. Esquema da gaita

MIRACIRO INFINCO

- I. Tres mortes pequenas
- II. Canto da ribeira
- III. Vagalume
- IV. A volta
- V. Prol de mágoa, minha Terra!
- VI. Flexia I
- VII. Procura
- VIII. Cabalgada dos meus anos
- IX. Sêde
- X. Flexia II
- XI. Pesadele
- XII. Partida
- XIII. Pelerinaxe final

ALTEMPATE DO ESPELHO

- I. "Marro Spiritual"
- II. Noturno en Nova York.

TEORIA DA GAITA

A Eduardo Blanco-Amor

É lediça de albor
no rincão primixenio
sem antes
de primeiro cabalo
que o bom Deus inventou
pra correr
na ineíta manhã do Paradíao.

É cealus vezetal
selvate
da madeira do sonho
a pingar voses doidas
redondas
enfiaças
no capirito dos caus
mortos de amor canino
na tarde infinda da malencónia

É frol de senherdá
i-escuma de salio
babião
de luas ve lhas
a morrer de velhez
astral e vagarosa
na noite
mel-e-laito
da á-alma.

É cor repinicao
galo galan de sempre
das pitas musicas
do arco-da-velha
empoleirado no descobrimento
pequeno e comovido
infinito e eterno
da fêmea natural.

É - Deus nos salvei-
o mais puro fluir
do vicio tolo
quase inustificádel
de nascer galgo.

SAGRADA FAMILIA MARTINEIRA

A Ricky, meu filho.

Dois auxinhos carpinteiros
Arudam a San Xose
Gran calafate do río.

Nosa Senhora da Barca
Tinha de ir á sua romaxe.
A barca estaba rechada.

O Reiio Xesus xogaba
Sentado n'ũa pedrinha
a fazer papas de lama.

San Xosé díxo: "María
Iso é ũa cousa de nada
Iso eu o compenho aixinha!"

Doas seruas de prata
Desaçoegan na espera
Para se xungir a barca.

C A N T I G A

1

L U Í S D E C A M Ū P E S

A Jacinto do Prado Coelho, frater-
no espirito luso-gallico.

Luís
amigo verdadeiro
quero aprender teu cantar
quero ser teu companheiro
contigo
pelegrinar!

Meu Polifemo amoroso
doce pastor de saudades
e desditas
Forte pastor de naufraxios
façanhas e tempestades
infinitas
Quero enxugar o suor
da tua dor
Ser teu leal servidor
i-a teu lado
de escudeiro
enfrentar Ademastor!

Tú.
caminharás adiante
coroaçã dos teus louros
na jornada
Eu
te seguirei atrás
levando humilde a tua lira
i-a tua espada.

Pobre Gran-Mestre do Sonho
Comendador da Tristura
meu irmão!
Pra teu coração ferido
eu irei pedinço esmola
como o Xão.

Luís
meu antigo amigo
ensina-me teu cantar
Leva-me de mão
contigo
xunta a pelegrinar
por todos os outros mundos
dores i-amores profundos
da tua esfera armilar!

NEW YORK UNIVERSITY
GRADUATE SCHOOL OF ARTS AND SCIENCE
WASHINGTON SQUARE, NEW YORK 3, N.Y.

20 de Março de 1955

TELEPHONE: SPEDS 7-2000

Meu querido Filipeiro:

De volta dunha viaxe à Nova Inglaterra, pra umas conferencias, atopo a súa carta do día 15 - e fíco desolado. Tu enviou o artigo fai quase un mes - i -ois que o meu esforzo foi debalde. Aparentemente non chegou. O que me estrana é que non me foi devolto, embora levasse enderezo de retorno.

Como lle dicías na brave mensaxe con que o acompañaba, tratábase-se cuns espontaneamente aresadamente compostos, cos que eu estabs lonxe de me orgullar, mais aínda así tiñen o significado de establecer a miña presenza na honra a D. Ramón.

Infelizmente liquei sen copia, pois a miña secretaria, -que estivo doceite-fizo só unha i -eu e mendei con o orixinal, como teño por costume, por considerar que é bon ter encargadado da publicación unha i -o impresor outra. Por iso vexo-me precisado a lle xuntar ou verdadeiro i -"orixinal" manuscrito mecanografado. Non ten un bon aspecto, está cheo de entrelíneas e riscaduras. Pro se eu o fixese copiar novamente iso suporía un straso de mais un día ou dous. Probábelmente chegue tarde de todas maneiras, porén, eu lle remito con a esperanza de que aínda se poda incluír no volume, se é que xa non esta completamente imprentado e prestes para saír. Non sabe canto isto me contraría, mais eu fixeno que coiden!

Mandó-llo por correo aéreo con selo de urxencia. Deus queira que aínda chegue a tempo! Se non chegar dicías podería publicar-se nalgunha revista con a nota que o precede. Deixo iso ao seu xuízo. Do que si gustaría é de que D. Ramón soupese que eu fixen o esforzo pra contribuir as honras da súa xubilación.

O que me conta da derradeira sula do Mestre Pedrayo enchegame de lediza. Parece que enfin a Estelle da língoa - fundamental pra o noso pervir como pobo - leva trazas de se gañar. As informacions que aquí chegan indican que neste sentido deron-se pasos xigantescos, e que a sociedade intelectual pertence enteiramente ao movemento de reconstrución da nosa nacionalidade.

Non quero alongar esta carta mais pra non demorar o botai-la ao correo. Xá teremos tempo de falarmos sen premuras i -a vontade.

Unha aperta forte i -amiga do seu

Luís de Cal

NEW YORK UNIVERSITY
GRADUATE SCHOOL OF ARTS AND SCIENCE
WASHINGTON SQUARE, NEW YORK 3, N.Y.
5 de Maio, 1958

TELEPHONE: 6PRING 7-2000

Meu caro Pinheiro:

Moito lle agradezo a súa carta do 28. Fíxese eu que lle devía as
miñas noticias, acusando-lle o recebimento da súa anterior. Folgo
imensamente que teña gostado dos meus "apontamentos" oceánicos, fei-
tos a vos-máquina. Algún día, con mais vagares, conto adicar algunha
atención à análise estética demorada do "cántico" e dos precegos:
dambas poesías medievais, enferrollada, como Mo. por ben di, nas
grilhoas, beneméritos e ortopédicos, da erudición filolóxico-histórica.
Fiquei profundamente sensibilizado e grato polos seus gentís louvo-
ros e novamente lle reitero os meus agradecimentos.

A razón de non llo ter respondido, como era o meu deber, à súa
perbólica carta é simplemente o encontrarme ocupado de traballos,
como xá lle dixen noutras ocasións. Estou embebedo na organización dun
Instituto de Estudos Brasileiros na miña universidade, projeto iste
xe antigo, pro que agora parece que leva bon andamento. No mes de Su-
tubro vemos celebrar aquí una conferencia de tres días sobre o Bra-
sil de hoxe, ao fin da cal o Presidente (Reitor) de N.Y.U. anunciará
o establecemento dese almerado Instituto. Xá temos \$100.000 no peto,
cunha meta de \$150.000 - contribuídos por espíritos filantrópicos, que
aíste máis tanto abundan. O meu paso seguinte será angariar apoios
para a creación doutro Instituto, paralelo, dedicado aos estudos portu-
gueses. Cando iso estex feito, teño a esperanza de que nil haya unha
Selección de Estudos Galegos. Todo isto leva esforzo, que como filólogo
recai sempre sobre as miñas fracas costas. Se a iso acrescenta as au-
las, as conferencias, os cursos, etc, pode facer unha láeia de que
é a miña vida neste momento. Felizmente, no ano que ven, teño a miña
licenza sabática, que durará até setembro do 1959. Acabo de receber
unha bolsa da Guggenheim Foundation pra fundar nise ano o segundo
volume do meu "Eça", - ao que me daré cabida para o mes de Fevereiro do
59. Teño tamén entre maos un estudo estilístico da obra de Valie-
Inclán y outro volume de ensaios cervantinos, sobre o que fei xá
tempos que veño debrozándome. Fafin, os planos son moitos e o tem-
po pouco, -eis o problema!

Nos fins deste mes sairei pra Porto Rico, convidado por aquela
Universidade pra facer alí seis cursos de verán. Terei o grandísi-
mo pracer de coñecer alí personalmente ó noso Sebastián González,
con quen mantivo correspondencia, mas nunca vin. Tocá-os autores
concordan en que é encantador. Coñece-o?

O Emilio G. L. xá me falara do dito de composición poética do gran-
de vello, decano da nosa poesía moderna, e do entusiasmo e emoción
galega que arrodeou aquela cerimonia. Parece que finalmente o noso
gobo ó noso, e cada día vai recobrando unha conciencia máis fonda de
sí mesmo. Cando iso acontece como está acontecendo, alí e aquí, nas
colonias galegas de toda a América, pode-se pensar, sen sonar, que
"os tempos son chegados". E chorar bágoas de lediza, de que os soños
nos nosos millares de espíritos non foron en van. Agora máis do que nunca
compre traballarmos con fé para contribuír a arquitecturar a nova Ga-
liza, a Terra espléndida do futuro - pois o futuro é noso!

Induciu-me unha grande emoción a láeia de que o Cabenillas tive-
se o xentileza de me adicar un exemplar dos "Camínos no Tempo". Faga
o favor de lle transmitir a miña gratitude, envolvelta nunha aberta
respeitosa, garimosa e admirada. Conservarei ese volume como un tes-
souro na miña biblioteca! Como no caso de D. Ramón, en codexin ó for-
cidábel poeta en Madrid, sendo eu rapaz, no Café Regina, 11, actu-
almente, non se lembrará. Eu teño a súa imaxe máis crara no recordo.

afirmo.
Fui de la casa a libro de familia P.H. Si admas mas.

Laméñ.chechin, en logo, nubes vacaciós de verón, o saudoso Luis Fimentel; outro outo.escrito toado da cividade poética. Aíndo teño nos ollos o seu perfil aguilino, os seu ollar míope e melancólico e o seu andar canyado e elegante. Foi no 1930. Arturo Souto estaba pintando os peinéis do Circulo das artes - non se chamaba así? - i-cu lle servía de modelo para un dos mariñeiros. Paseei ameúdo con él e con o Evaristo Correa Calderón, e o Xesús Bal, i-outros pola muralia e polo Cantón. Fran tempos gloriosos de esperanza. E il falaba, con aquela voz mansa e refinada, de poesía, de pintura, de literatura. Eu tiña 18 anos, i-escoitaba, ambebecido, enchoupanco a miña i-alma, de estalado en Madrid, de esencia galega. Agora, lá, foi. i-hare estárá eidos de Deus; naseando no lugar que il teña destinado aos poetas, que o há de ter. E nós ficamos con a lembranza i-a obra, que non é pouco, ambas lembradoiras.

Eu planeo pasar en Europa de abril de 58 até Setembro. Como quedar en Portugal dous ou tres meses. Moito folgaría ter nesa ocasión conxeito de verme-nos. Eu non quero entrar na España encunto dixer a situación presente. (Non é por máis de seguranza persoal, pois xá mesmo recebo dúas invitaciós oficiais, que, naturalmente, recusei, é simplemente cousa de hixiene moral.) Se pudesemos arxallar unha entrevista na fronteira, en Comincha, ou Valença, eu faría gostosísimo a viaxe para o Norte. Cecías para entón as cousas teñan trocado e sexa posible tomarmos xuntos unha cunca de Ribeiro nesa meiga Compostela, dos meus soños. Por aíuf hai grande falatório de restauración. O que haxa de certo non sei, mais ás veces a xente ten en Nova Torque millor información do que si. "We have to wait and see", como por aíuf émos.

Sobre a miña "Ius", conto ter llecias en Porto Rico pra lle dar os derradeiros toques ao manuscrito e conseguir o preffacio do Xoaquín do Prado Crebho, que xá me prometeu. Tan logo estiver pronto lle mandarei.

Ben, meu benquerido Ribeiro, esta epístola xa vai longa demais. Fado como final.

Asín eu chegar a P.R. deixarei-lle saber o meu enderezo. No entretanto fíco á espera das súas noticias, - e á espera do volume da honaxe a D. Ramón, si quen me pido de Vde. os meus máis queridos recordos. (Eu cartirei para P.R. nos primeiros días de Xuño.) Unha aperta urxina do seu sempiterno irmán i-amigo

Evaristo S. Da Cal

P.D. Podería Vde. conseguir-me aí o libro do Tejada Spínola - La tradición gallega? Xa o encanquei a duas libras na da Cruña, seu sitio. Díga-me o que por i-en illo remitiria en moeda ou en algún libro deiqui que lle interese. Suponho que é en inglés.

UNIVERSIDAD DE PUERTO RICO
FACULTAD DE HUMANIDADES

DEPARTAMENTO DE ESTUDIOS HISPANICOS

10 de Maio de 1958

Meu querido Piñero:

Fai séculos que lle devo carta. A verdade é que estaba a espera do recebimento das separatas e do livro para lle responder. Chegou un exemplar daquelas, acompañada dun billete seu. Caeis toda o resto taña sido enviado a Nova Iorque. Tamén chegou a sua carta, tan cordial e preséntosa como todas as súas.

Biquí estou desfrutando dos moitos engados que esta hospitaleira illa ofrece aos visitantes. É unha especie de eden tropical que aleivoca e sensualmente mina os resortes da vontade. Coeza que é realmente prazenteira para os que, como eu, veñen facendo, sequer por un breve espazo, do redemoinho traballoso de N.Y. É como unha deliciosa perda do senso de actividade, e coeza de responsabilidade. Producir obra, baixo este céu enervador e esta paisaxe humana de carnalidades de carne andante, deve resultar difícilísimo...! É como unha especie de "bestus ille", perpassado de luz e de lascivia difusa, maravilloso.

Cheguei a coñecer ao noso Sebastian, de quen gostei profundamente. É unha persoa chea de calor humano e de fina intelixencia. É coeza que teña sido gaño polo ambiente, pois parece-me que renunciou a escribir. Eu o animaré a que continuase a obra que tan brillantemente encetara, e díxelle que todo o mundo galago de aquí i-alén nar ten os ollos postos n'el como é certo. Mais d'urido de que o faga. Cuido que se "aplatanou", coeza que como lle digo non é de extrañar. (Todo isto é "entre nous", pois como Vds. pode comprender eu non teño dereito a entrar en comentarios sobre a vida de ningún, en terras tan persoais. Eu falei con lle documente.)

Cando eu volte pra X.I., que será nos fins de presente nos vou dar os derradeiros toques a tal lus de Allen-Max - que conto ter fiada e pronta para a GALAXIA nos meses de outono. Estou a espera do Prefacio de Jacinto do Prado Coelho, que seguramente há de me chegar nos derradeiros días de Agosto. Espero que para Setembro Vds. teña nas suas mans o manuscrito i-o poda entregar aos prelos da editorial.

Muito lle agradezo os seus esforzos para me conseguír o libro de Elías de Tejada. (Non sabía que lle fose carlista, mais é un dado interesante. Unha das poucas cousas positivas desa sanguinista corrucción foi o seu anti-centralismo "fuertista".) Se aínda non enviou o libro faga o favor de mandá-lo para N.Y., pois como lle digo eu xa non ficarei aquí senón uns 15 días. Tamén lle rogo que me diga que lle interesa da literatura inglesa ou americana, para poder eu corresponder a súa xentileza, e sentirme no futuro á vontade para outras peticións bibliográficas, a base do intercambio.

Teño un precto na carteira que talvez lle poda interesar para a Galaxia: unha antoloxía de poesía contemporánea norte-americana en tradución gallega, procedida dun estudo prefacial. Durante os últimos anos dediquei parte das meus escasas leceras a verter para a nosa lingua algúns dos poemas do parnaso americano hodierno que mais d'arte apelo fixeron a miña sensibilidade, i-últimamente pensei que coeais fose un bon servizo a nosa cultura recoller e completar iso todo nunha antoloxía. Díga-me o que pensa disto; para, caso concorde comigo na utilidade da idea, eu vaiá pechando en lle dar forma.

A espera da suas novas, tan estimadas por min, recoba unha aperta urxina do seu amigo e irmán

Eusebio

NEW YORK UNIVERSITY
GRADUATE SCHOOL OF ARTS AND SCIENCE
WASHINGTON SQUARE, NEW YORK 3, N.Y.

3 de Setembro de 1958

TELEPHONE: SPRING 7-2000

Meu caro Piñeiro:
Supoño que há de estar magoado pola miña aparente desidia epistolar. Pido-lle que me perdoe. Saín de Porto Rico e cando cheguei a N.Y. atopé ali, á miña espera, meu cuñado e a miña cuñada, vindos da España, despois de anos de trixte distancia, avidos de falatorio atrasado. Case inmediatamente emprendín unha longa viaxe turística, que lles prometteira, e que me levou ata as regiões hiperbóreas do Canadá e por todo o Leste do país. E nise redemoño itinerante teño estado durante todo o mes que acaba de findar; automóvel, estradas, vistas a cidades e mais cidades (Quebec é unha beleza), cataratas (as do Niágara entre outras), fábricas, institucións de toda a índole posíbel, etc., etc.. Nise raxame vertixinoso é evidente que non había vagares para a comunicación despaçiosa con o bon Piñeiro. E só agora, de volta ao fogar, escangallado, que o podo facer. I-eiquí estou, aflito e contrito, de chapeu na mão, ollando abiectamente pra o chão, a pedir-lle perdón.

En primeiro lugar: recibín xa todo o que tan bondosamente me mandou - o libro, a primeira separata (en Porto Rico) i-agora reespedida a N.Y. a morea inxente é xenerosa do resto. Tamén chegou o estudo de Elías de Tejada. Por todo, meu bon amigo, os meu máis sinceros agradecimentos. Diga-me, por favor, que lle interesa deiqui, algún libro de literatura americana, ou inglesa, calquer cousa mecánica - das que por estas terras industriais temos dabondo, para lla enviar - e poder ficar con a conciencia un pouco mais tranquiá, son tan esmagador saído ao seu favor na conta da nosa amizade.

Recibín tamén unha bela carta do noso D. Ramón, agradecendo a miña pobre colaboración ao seu homaxe. E no mesmo corréo un folio impreso, de cintilante prosa otteriana, en idéntico sentido. Gostei vastamente das duas misivas e en breve escriberei ao Mestre facendo-lle constar a miña gratitude.

Agora, ceibe, por virtude da lizenza sabática e dunha bolsa da Fundación Guggenheim, de afacetas universitarias para o ano académico que se inicia neste mes, poderei por mozo na miña triste e palida Lua - e logo estiver pronta mandarei-lle para os prelos amábeis da Galaxia.

Folguei moito que lle parecese ben a miña idea da Antoloxía de Poesías Norteamericanas. O plano xa pasou ao meu departamento de prolectos a realizar, e comezarei a lle dedicar algunhas horas dos meus leceres. Agora, o primeiro que teño de facer é dar cabo ao segundo volume do meu estudo estilístico de Eça, pois Coimbra está a pedil-e aos becos. Teño no prelo da imprensa da dita universidade unha montañosa Bibliografía metódico-crítica de Eça de Queiroz, que creceu gigantesca como un sub-produto do meu traballo crítico, e que coído poda ser de algunha utilidade práctica para os estudosos queirozianos, como instrumento de consulta.

Fai xa moito tempo a Esaima Isla Couto, nuba carta díxo-me que había aí algunhas persoas interesadas no meu libro e que desexaría que eu enviase para a Galaxia algúns exemplares, cula venda me podería ser abonada na miña conta, e paga en libros. Daquela eu non tiña exemplar ningún. Hoxe, asegun me dixeron, a edición está esgotada en Portugal. Un dos livreiros da N.Y. ten 5 ou 6. Se aínda os quizeren eu podería indicarlle: ao ementado livreiro que llos remittise. Eu teño só tres. Diga-me se Vda. ten o seu, para, caso contrario, mandar-lle un, con a de-

dicatoria correspondente.

Como lle dixen, falei moito con o Sebastián. Coído que logrei entusiasmal-o un tanto. Vamos tratar de desenvolver os estudos luso-galaico-brasileiros na Universidade de P.R.. Estenderon-me unha invitazon para voltar ali en Decembro, pra facer unhas conferencias, das que algunhas serán encol da nosa cultura.

O Emilio e mais eu, estamos a traballar sobor do manifesto de que xá lle falei, concernente á cultura galega. O Sebastián concordou afervadamente con a idea; e cando eu retorne alá coído que a cousa ficará linda. Xá lle irei comunicando o andamento do plano. Na nosa opinión ten que ser una declaración na cal non se toque o aspecto político da cuestión - que aliás esta implícito -; Só debemos falar do problema da afirmazón da nosa personalidade histórica e do porvir da nosa cultura no conxunto dos pobos ibéricos de aquí e alén mar. Todo aquí que estexa concorde nos puntos da nosa reconstruzón da personalidade galega, sexan as que foren as ideas políticas máis que comangue, e aceptábel. Niste ínter, eu acho ser esta posición a mais construtiva -- e a mais hábil. O resto virá despois. Agora é preciso atrair a todos aqueles en quen vibra un sentimento de galeguidade, veñan de onde veñan. As formas políticas que a nosa nacionalidade tome unha vez estexa vigorosamente en pé a nosa personalidade como pobo é difícil, e prematuro, a pre-estabelecer, ou mesmo as enxergar. Diga-me o que pensa Vda. - e o que pensan aí-de todo isto.

Xunto aquí lle envío un exemprar da separata, dedicado. Acepte-o.

Á espera das suas novas, sempre tan agradábel, receba unha aperta asfixiante do seu sempiterno amigo

Ernesto

UNIVERSIDAD DE PUERTO RICO

RIO PIEDRAS, PUERTO RICO

COLEGIO DE CIENCIAS SOCIALES

3 de Janeiro de 1959

Meu benquerido Piñeiro:

Mandei-lle unha carta, en Novembro, desde o Rio de Janeiro. Nela lle contaba abundantes cousas, sobre o grupo de escritores brasileiros interesados na Galiza. Os máis interesantes: o Celso Cunha, Director da Biblioteca Nacional do Rio - que é un galego-filo formidábel, ten unha biblioteca galega que val a pena se ver, i-é especialista, como sen dúbida o Piñeiro sabe, no campo da lírica medieval, e ten publicados traballos notábel sobre Martín Codar, Xohan Zorro, etc.. Agora está intrasadísimo pela literatura moderna (por certo, que me pediu un exemplar de Homage a D. Ramon; podería-se-lle mandar un) i-está a facer unha colección moi boa. Outro é o Eduardo Portella, fillo de galegos, i-un crítico de nota da nova escola, saída da filoxía igualista da Vasela. Iste conta facer na primavera unha viaxe a Península e pasará por Compostela, como é natural. Eu lle din o seu enderezo para que o procurase. Sería bon dar-lle os milleres coñeitos, de coñecer a nosa xente. É estreitamente simpático, sutil e cheo de aberta bonhomía. Estou seguro que se darán moi ben. Vde. é-lle. Voltando a miña carta, fiquei un pouco aprensivo ao non ter resposta. O Alberto Machado da Rosé me dixon, nunhas liñas que recibín antecontes, dile, que Vde. non se achaba ben. Na súa derradeira, se ben me lembro, mencionaba que tiña estado adoentado. Será posíbel que a súa saúde lle impediu corresponder. Fago votos por que non seja así e que estea sen novidade, gozando da súa plena vitalidade.

Nesa carta tamén lle agradecía o gentil envío do disco do Santalices, por intermedio do noso bon Flores; foi un presente que me encantou, pois unha cousa así non habería xeito de atopala aquí. Seguramente que mesmo aí non será doado dar con un tesouro como iste. A Irmandade Galega mandou tirar unha copia, para a súa discoteca, i-O Flores e outros irmáns fixeron a mesma cousa pra íles. En xusta correspondencia, cando chegar a Nova Iorque, que será dentro en poucos días, mandar-lle-í outro disco. Iste é As Cantigas do Rei Afonso o Sabio, grabadas en disco de longa duración, polo famoso contra-ténor Russell Oberlin, a quen eu tiven que dar clases de pronuncia galega. A presentación, en inglés e miña. A selección esta moi ben feita - 12 Cantigas, de carácter musical muito variado, tanto dos Milagres, como dos Loores. Espero que lle compraza e gustaría de saber a súa impresión.

Nos comezos do mes de Novembro lle mandei, polo correo ordinario un exemplar dedicado do meu Ega, como lle tiña prometido. Chegou?. As veces íses envíos levan un mes ou dous a chegar, porén, ía

tiña tempo. Avíse-me cando chegue, e se non chegar mandarei-lle outro. Por certo que no Brasil, o Portella teve a iniciativa de traducir o libreco para portugués. Ile mesmo mesmo se encarregou da versión, cousa que me satisfizo moito, pois non podería ter desexado millor intérprete. Será publicación pola editorial "Agir" e levára un limiar de Alceu Amoroso Lima, persoa de coto prestixio e bon amigo meu.

Eu levo uns meses de xudeu errante. Non fago senón voar, literalmente, duma parte para a outra. Saín de MI nos primeiros de Novembro endireitado para o Rio, dali para São Paulo; volta para o Rio e despois, novo pulo para a Bahia e Recife; e dise delicioso Norte brasileiro, nova voada a Belém do Pará, Puerto Rico, Nova Iorque. Fiquei na Babel só tres días, os días do noso Congreso, da New York University, sobre o Brasil, e tiver outra vez que coller o avión con destino a Puerto Rico, para dar dúas conferencias que tiña prometidas desde o vran pasado - unha delas sobre os nosos poetas primitivos. A miña viaxe ao Brasil foi motivada polas actividades do noso flamante Instituto de Estudos Brasileiros: tratábase de convidar unha mancha de bolsistas, estudantes de Dereito pra iren à NYU - Inter-American Law Institute - pra fazer un Seminario de seis semanas. Alén diso levaba o intuito de explorar a possibilidade de establecer un Junior Year Abroad, para estudantes americanos na bahía, proieto iso que xa ficou sendo realidade. Agora teño a ilusión de mandar alí, como "Resident Director" o noso formidabel Alberto, e tira-lo así das zonas árticas do Wisconsin, onde se atopa enterrado en vida. O meu desexo e poder, finalmente, o levar para a NYU e dise xeito reforzar o elemento galaico-luso no meu claustro de profesores. Veremos.

O Emilio me deu o ensaio colectivo encol da Galiza, e me falou dos mañentidos e desencontros entre a xente da terra e os irmáns de alén-mar. Iso me fixo reflexionar, xunto con as súas atinadas observacións sobre o caso da Habana, que talvez a idea do noso manifesto debería se pospôr até ver se esas diverxencias se puideren concertar; doutra maneira e ben posíbel que en vez de tirar-se beneficias só se outivesen as "malsficias" e confusións adicionais. Entreguei a Sebastian o ensaio para a súa lectura e aínda non tivemos o ensexo de falarmos sobre o asunto. Espero o ver nesta semana.

Teño o praxer de lle comunicar que seguramente para os fins deste mes recibirá a miña lua, pronta para os prelos da Galaxia. Só estou a espera do prefacio do Xacinto do Prado Coelho, que xulgo non ha de tardar.

Lí con inmenso interés toda-las novas que me contaba. A súa carta ~~esta~~ derradeira, via as telas e preferín na miña aparentemente perdida nas incertezas do correo transatlántico. Rogo-lle un-
carcidamente que continue a me manter informado das cousas da Terra e do que seipa das actividades culturais galegas a roda do mundo, eu farei o propio.

Espero con anxeio as súas novas, pra saber como anda a sua saúde, e ter o prazax de ler que xa esta totalmente restabelecido.

O enderezo de Celso Cunha é: Director da Biblioteca Nacional, Rio de Janeiro, Brasil - mais nada. Folgaría saber que lle recibeu a Homaxe. Como anda o noso D. Ramon? I-o Chanillas? que o millor dia se nos morre? Segundo me din esta xa moi apouquentado, con a idade. Por intermedio de Alberto recibín un encantador poema do Franco Grande. Infelizmente non me di o enderezo dise xentil mozo, que parece ter moito talento, e variado. Querería Vde. dicirme onde lle adoita. Sei que é en Tebra (Tuy), porque dalí ven datado o poema, mais parece-me que por acaso istes dados non sexan suficiente dirección para lle chegar unha carta. Diga.

Recibía unha carta do Camilo José Cela, pedindo-me colaboración para outra homaxe, a que os "Tapeles de San Armandans" van dedicar a D. Ramon Menendez Pidal. Di que foi a Galaxia, que lle deu indicio da minha paraxe. Supoño que foi Vde., e quero-llo agradecer.

Poño punto final. Espero, ao meu regreso a Ni ter aí, deliciosamente á espera da miña chegada, unhas linas suas, curtas que sexan
Unha aperta que tranta-coscos do seu

Enrique D. Cal

NEW YORK UNIVERSITY
WASHINGTON SQUARE COLLEGE OF ARTS AND SCIENCE
WASHINGTON SQUARE, NEW YORK 1. N.Y.

DEPARTMENT OF SPANISH AND PORTUGUESE

8 de Fevereiro de 1959

TELEPHONE: SPRING 7-2000

Meu moi caro Piñeiro:

Recebi a sua carta de 21 de Janeiro, que com todas as suas encheu-me de leiziza. A mais tardar manñan ou despois de manñan, sai rumo ás suas mãos i-aos prelos da Galaxia, a minha Luz. Leva ũa Misa, justificativa do meu emprego da grafia luso-brasileira que espero non cause dificultades con a censura; aínda ben pudesen ser que lhe ponhan ouxocions, non sei. Xá me dirá Vde. Estou seguro que - non polos seus merecimentos intrínsecos, mais polo significado da miña atitude en cara á aproximación galego-luso-brasileira - o lípico terá ũa carta protección en Lisboa e no Rio. Un dos poemas máis contidos, dedicado ao Alceu Amoroso Lima (Tristão de Ataíde), vai-se publicar nun destes días na Revista da Academia Brasileira de Letras. I-o Alceu, e quen, como ao Celso Cunha o Eduardo Portella i-outros, interesei nas letras contemporáneas galegas e que leu a Luz e gostou ~~moito~~, ofereceu ocupar-se dela por escrito e fazer que O Manuel Bandeira ou a Cecilia Métralea tamén falen. Un grande ilustrador catalán de aquí, o Fernando Teixidor, director artístico da Dell Publishing Co., ofereceu-se a desenhar a capa. Se o Piñeiro non tiver incoemente eu gostaba de acatir esa xentil oferta. Mandarei-lhe o desenho, con o orixinal do libro; - 1-a decisión última é sua, lóxicamente. Tamén lhe quereria pedir ũa cousa, con toda a confianza. I-e que tempo, polas razóns devanditas, un certo empenho en que a calidade gráfica do libro sexa boa. Como eu sei que Vde. oparan, como é natural con úas limitacións elaplicábeis de ponto de vista económico, i-eu non quero tratamento de privilexio, ~~como~~ me diga o sobre-preço que iso implicar para eu o sufragar. E isto non adesito briga. O que ultrapase o presuposto normal que a Galaxia tenha pra iste tipo de publicación su pago, dentro xeito non aceito. Alíás de que iso sobre-preço en ũa pra min non é nada e pra Vde. pode ser moito. Estano: O Jacinto do Prado Coelho ficou en lhe enviar directamente o "lindas" portanto o receberá prontamente, pois ila é persoa moito seria pra esas cousas. Se for posible, tamén gostaba de receber probos; mais se achar que iso complia a cousa, deixo a lectura delas nas suas capases mãos. Iste ofrecimento visa por outra parte a lhe quitar ise engorrose traballo ao bon Piñeiro, que ha de estar Xá de seu ben atrefado. Falo sobre todo isto con plena confianza, como entre amigos que somos.

Xunto-lhe aquí ũa pequena nota biográfica, por se a precisar para a contra-capa. Se quizer mais datos, so ten que indicár e lhe serán remittidos logo a seguir.

Fai dous días escribí ao noso Franco-Grande, agradecendo-lhe o envío do seu poema, que achei magnífico e xuntando-lhe outro meit que tiven o prazer de lhe adicar na minha Luz.

Nesta semana sairá cara a un paquetinho contendo o disco das Cantigas do Rei Sabio i-ũa antoloxía da literatura céltica que lde manda, como lindo presente, o noso Alberto. Iste ilustre galego honorario estivo aquí, chamado pola miña universidade pra tratar do asunto da Direitoría do noso Junior Year na Bahía. Foi-lhe oficialmente ofrecido o posto e ~~ela~~ aceitou. Querendo Deus, ila irá para as terras de São Salvador no próximo mes de Xulho, i-aí ficará un ano polo menos. Despois en trataben de que en voz de voltar para as zonas articas do Wisconsin fique en N.Y. traballando na NYU en prol da idea galatco-luso-brasileira. Amen.

Moito me emocionou o que me conta s respeito do seu primer encontro con o meu Luz. Esa Nota Previa foi un brado do meu corazón, que non po-

doria ter deixado de escrever. Alias, escrebi-na com o intuito lirico de qua cecais encontraria eco em espiritos irmaos, i-asin foi. Imaxine a satisfacao que iso me produz.

Folguei muito de saber os dinamicos planos editoriaes da Galizia para o 59, sobre todo o do libre do insasquecibel Pimental, a quen xa lãe dixen que conhecín en Lugo, fai longa anos, sendo eu rapaz. A lãe brança da sua personalidade, fina e melancolica, e con un pouco de morte nos olhos, é pra min inolvidabel, -alén da sua poesia, que era d'ũa calidade estraordinaria.

Recebin ùna carta do Eduardo Blanco Amor. Chea de arestas liricas envolventes en prosa graciãnica do boas-arrevesada, let. É un bãn-rapa e persoa pola que eu tenho un carinho fiel i-antigo, mais hai nile sempre un pontinho de resentimento, inxustificabel, dados os cardumes de cousas positivas e talentosas que lava dentro, e que bota pra fora.

Fiquei moi tranqũo sabendo que o negocio da sua saũde non é asunto de gravidade, ainda sexa incomodo, sen duvida, e precisa de paciencia.

Das minhas actividades pouco lãe pode falar, pois xa as conhece. As relaçoens con o Brasil tombãran-me moito do tempo que tinha asignado as minhas labours literarias e criticas. Estgu revendo probas da hi-malayica e ponderosa Bibliografia Metodico-critica de Lãe de Queiroz (mais de 500 páxinas) que leva xa un ano nos prelos da Universidade de Coimbra. E que surxiu como un xigantesco sub-produto as minhas investigaçõs queirozianas. Tenho imediatamente programado o vol. II do meu Eça, que ainda ha de esperar cousa dun ano pra sair. Despois varios artigos, de cousas espanholas e portuguesas. Pra mais aien, un volume de estudos cervantinos, cujos materias levan moi bon andamento, un libro encol do estilo de Valle-Inclan... e finalmente, Deo volante, o tal trabalho sobre o cosmos lirico da nosa poesia medioeval. Agora saira, nun dos proximos numeros de "La Torre" (Universidade de Portorico) a traduçõn do trabalhinho que apareceu na Komaxe a D. Ramón. Continuo con as minhas charlas da Voz da America, no programa "Aquí, Washington", da Embaixada Americana de Madrid - que tiven que interro per por mor da minha viaxe. Iso me rouba tempo. Agora pediron-me outra mensal, da mesma Voz da America, para o Brasil. I-er Setembro comecei ùna corresponsalia literaria, sobre o mundo cultural americano, para a Revista da Academia de Letras do Brasil. For certo, falando do Brasil, que me esquecia dicir-lhe que a suzerancia minha, so Alceu, a Editorial Azir, secadra a mais prestatixosa das Terras de Santa Cruz, está considerando, e é probabilissimo que acerte, dedicar a Rosalia un dos volumes da coleçõn "Os Nossos Clãssicos". Se a resposta fosse positiva, que espero o sexa, eu me encarregaria - cando non sei, adin Deus me salve. - de lãe dar forma. Son uns voluminhos antoloxicos, precedido dun longo prefacio critico, dou esta xa viron lume uns vinte, de clãssicos portugueses e brasileiros. Se eu vise que non tenho tempo, pasarei a cousa so noso Alberto, pra lle se incumbir dela, que seguramente o fara mltor que eu. Tamẽn tenho nas maos ùna introduçõn critica para a ediçõn de luxo que o José Aguiar, (o sobrinho do vltre Aguiar de Mendive, que rifou con o tãe e se estabeleceu no Rio =) ten en projeto das Obras Completas de Machado de Assis. Verã que a minha vida é un rodeoche do Demo. Finalmente, ùna nota agradecel (e sen vaidade) - O governo brasileiro, en premio aos meus deavẽlos pro-brasilicos, concedeu-me o Ordem do Cruzeiro do Sul.

